



CAMPO DE VOLUNTARIADO “AMICOS” (BOIRO - A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
8-19/07/2021	18-30	Estatal	Medioambiental e social	12

LOCALIZACIÓN

A illa de Sálvora, lugar onde se realizarán as principais actividades deste campo, é unha illa do océano Atlántico, que se atopa na bocana da ría de Arousa. Separada de terra firme por unha distancia duns 3 Km polo norte. Ocupa unha superficie de preto de 190 ha, e ten unha cota máxima de 71 metros (As Gralleiras). Case todo o perímetro da illa é zona rochosa, a excepción de tres praias de branca e fina area. Desde 2001 está integrada no Parque das Illas Atlánticas de Galicia.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

Este campo de voluntariado ten a intención de fomentar entre a mocidade os valores da solidariedade e o compromiso coa comunidade, especialmente, coas persoas que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade ou desprotección, a través da realización de actividades inclusivas de voluntariado.

Preténdese xerar un grupo de traballo diverso no que a mocidade aprenda o valor da diversidade e comparta unha mesma misión “conservar o patrimonio natural e cultural galego dende unha perspectiva solidaria e inclusiva”.

Hai prazas reservada para persoas con discapacidade.

A programación centrarase nas seguintes actividades:

- Traballos de conservación pola Illa de Sálvora.
- Construción e instalación de caixas niño para morcegos.
- Limpeza de praias, clasificación dos residuos atopados e caracterización das especies que habitan na illa.
- Reconstrución de hórreos.
- Construción e instalación de niños para insectos.
- Erradicación de especies exóticas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Xogos tradicionais inclusivos.
- Deportes na praia (fútbol, voleibol...).
- Paseos en kayak pola Ría de Arousa.

- Visitas culturais a Santiago e aos Castros.
- Sendeirismo cultural polo Camiño de Santiago.
- Cine de verán inclusivo.
- Charlas sobre historias e mitos de Galicia.
- Obradoiro de cociña tradicional.

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo de voluntariado.



COMO CHEGAR

A forma máis sinxela de chegar á Pobra do Caramiñal é vía Santiago de Compostela. Dende alí, a empresa de autobuses que chega ata A Pobra é www.arriva.gal.

Viaxando dende o sur de Galicia, hai que facer un transbordo en Padrón e pillar alí un autobús de Arriva para chegar á Pobra.

ALOXAMENTO

Aloxamento en bungaló no cámping praia “Ría de Arousa” situado na Proba do Caramiñal.

INCORPORACIÓN

A partir das 16.00h do primeiro día de campo, no cámping onde será o aloxamento.



CAMPO DE VOLUNTARIADO “AMICOS” (BOIRO - A CORUÑA)

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou de familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.



EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha
- Saco de durmir e mochila para rutas
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo.

- Roupa: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (guantes, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tel. 981 957 115.

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude da Coruña. Tfno.: 881 881 238

www.facebook.com/xuventude.net

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.